

## CARTA ABERTA A D. BENITO

Querido D. Benito:

Despois de escoitar as súas referencias á nosa agrupación na misa de defuntos, polas que conseguiu ata aplausos, cousa insólita nunha misa, parécenos oportuno dirixirnos a vostede tamén de xeito público. Isto non quita que poida vostede falar connosco cando queira ou mesmo acudir ás nosas asembleas sen problema algún. E ata participar.

En AER hai de todo, D. Benito. Somos unha agrupación de electores cun horizonte político que coincide con Redondela. Hainos católicos, agnósticos, ateos, e de calquera crenza que cada quen queira ter. Non forma parte dos nosos principios a esixencia dun credo. Pero si forma parte dos nosos principios que as crenzas ou non crenzas relixiosas forman parte do ámbito individual de cada quen, da súa liberdade individual e como tal debe respectarse. Agora ben, nós entendemos que a política e as decisións políticas, de goberno, non deben estar rexidas por ditas crenzas de carácter individual, que respectamos profundamente, tan profundamente coma aos membros da nosa agrupación que a practican ou a familiares e amigos que tamén son practicantes, ou simplemente crentes. Gustaríanos que vostede tivera o mesmo respecto polos que non comparten a súa fe e deixara que sexa Deus quen nos xulgue.

Ata o de agora, non tiñamos dúbidas de que vostede era unha persoa intelixente e consecuentemente pouco manipulable. Os feitos parecen dicirnos o contrario. Mire vostede, querido D. Benito, a corporación redondelana está formada por **10 representantes do PP, 8 do PSOE, 2 do BNG e 1 de AER. Só temos un concelleiro.** Certo é que fixemos propostas como que os representantes políticos **non deberían ter un lugar de privilexio nas procesións** como tales, e que se querían ir, deberían ir como calquera persoa crente. Certo que propuxemos que os festivos de Redondela fosen o día do Corpus e o Martes de Entroido, entendendo que *é máis festivo dito martes que o luns do Cristo, no cal a festividade consiste nunha procesión á tardiña. Entendemos que para a xeneralidade dos redondeláns, é máis festivo o martes de entroido que o luns do Cristo.* Pero, querido D. Benito, **a maioría católica do Pleno de Redondela (PP e PSOE)** non o entenderon coma nós e as nosas propostas non foron aprobadas. Igual que outras moitas.

**Tal vez vostede debería terse preocupado de se ía ou non ía ter megafonía no cemiterio, pero claro, como corría a conta do Concello, para que preocuparse, verdade?. De conta do Concello tamén corre o lixo, o IBI, a limpeza e desbroce dos adros, a iluminación dos adros, e se o permitimos, o arranxo do muro da igrexa de Redondela. Agora ben, non deberíamos estar preocupados se o muro cae e mata alguén, xa chamará vostede a Deus para que o defuntiño teña trato preferente alá arriba.**

Se vostede segue o pleno, **redondela.tv** ponllo ben fácil, comprobará que un só concelleiro non toma decisións porque ademais nin sequera forma parte do equipo de goberno. **Só é preciso sumar dúas e dúas para saber quen toma as decisións no Concello de Redondela.**

En todo caso, insistimos, para calquera aclaración sobre as nosas posicións respecto de calquera tema, ten vostede a porta aberta como cidadán de Redondela.

Resumo final para vostede e para toda a cidadanía de Redondela: Ven sendo frecuente que cando se lle impide a algunha persoa ou colectivo facer algo ou se lle nega algo ao que cren ter dereito, **ven sendo frecuente, botarlle as culpas a AER. Pois ben, unha de dúas, ou é ilegal e polo tanto non pode facelo ou foi aprobado por maioría do Pleno.**

Pregamos que cada vez que se atopen con esa resposta se dirixan a nós para confirmalo. Se é nosa a responsabilidade asumímola e se non .... “que cada pau aguante a súa vela”.

Finalmente, e como proba irrefutable, remitímoslle a vostede e a todo o mundo a repasar algunhas das recentes decisións do grupo de goberno (que si ten capacidade para decidir e actuar), adxudicación de axuda ao LolaPop sen encomendarse nin a Deus nin ao demo, vertidos no monte de Reboareda, axudas para vestiario do clube de baloncesto, contratación de empresas para podas, por exemplo, negar colaboración para o Samaín en Redondela, deixar que terrazas múltiples incumpran cos permisos que se lle concederon, podar as árbores do aparcamento, etc.. Poderíamos encher un dossier dun montón de páxinas con decisións sen acordos de Pleno. **Pero esas só as pode adoptar o grupo de goberno, o PP. Para que AER leve adiante unha iniciativa súa ten que ser aprobada por maioría no Pleno.**

Así que, querido D. Benito, que non lle tomen o pelo e que cada pau aguante a súa vela. **Non somos un grupo católico, pero tampouco somos un grupo anticatólico.** Respecto por respecto, querido D. Benito.

Reiterámoslle a invitación a participar nesta agrupación se vostede ten inquedanzas por participar na política. Non disporá dun púlpito, pero si dun foro no que compartir ideas a prol do pobo de Redondela, co cal terá vostede un espazo para as súas actividades relixiosas e outro para as súas actividades como cidadán.

Atte. AER (aerre como nos chamou vostede) Agrupación de Electores de Redondela.